

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 100

ano 17

maio-xuño 2023

O labor intelectual galego no exilio (II): **A REVISTA VIEIROS**

No verán de 1959, as máquinas da imprenta da Editorial Muñoz en México D.F. materializaban unha realidade soñada e planificada intensamente dende facía dous anos atrás. Baixo o temón do **Padroado da Cultura Galega de México** -ao que se lle dedicou o nº 99 de *Fronda*-, saen á luz os primeiros exemplares do que se consideraría o buque insignia da institución galeguista: a revista *Vieiros*.

Os ourensáns **Carlos Velo, Luís Soto e Florencio Delgado Gurriarán**, exiliados en México, serán os encargados de dirixir inicialmente este magno proxecto xornalístico-cultural descrito como o mellor portavoz da cultura galega alén do mar. Non deixaba de resultar paradoxal que a máis **ambiciosa iniciativa en lingua galega** nacesse baixo o auspicio do humilde exilio mexicano e non xurdise na propia Galicia, e nin sequera na “quinta provincia” galega, posto que en Bos Aires situouse o principal e máis activo foco da comunidade galega exiliada. Mais, de acordo coa información aparecida en *Vieiros* (nº 2, 1962), houbo un ensaio dun *Vieiros* galego na Arxentina en 1962 do que apenas se ten coñecemento.

O título da cabeceira foi *Vieiros*, **monte** que unía as comarcas de Celanova e da Baixa Limia, algo que se lle debe a **Elixio Rodríguez**, natural de Grou (Lobios), aviador republicano e encargado de relacións públicas da revista. Se ben non foi a primeira experiencia de prensa de posguerra no exilio, a súa publicación marcou un antes e un despois para a cultura galega da época, pois supuxo o aglutinante de numerosos intelectuais que, a través das súas colaboracións literarias e artísticas, loitaron pola **dignificación da lingua e da cultura de Galicia**. Dende o seu primeiro número, que sae do prelo con carácter de extraordinario, xa se comeza a albiscar o rumbo que adoptará *Vieiros* ao longo da súa andaina.

As súas máximas foron unha perspectiva ideolóxica e culturalmente aberta, o establecemento de pontes entre Galicia e a colectividade exiliada, e o especial interese no coidado formal e de contidos. O resultado foi un alarde de calidade cultural a todos os niveis ao longo dos seus **4 números** -1959, 1962, 1965 e 1968-, de pe-

riodicidade certamente irregular.

Neste número de *Fronda* presentamos a magnífica portada coa que se iniciou esta aventura: o nº 1 de *Vieiros* (1959). Ilustrada por **Arturo Souto**, quen sería o director artístico do proxecto -a título póstumo-, abre con éxito os vieiros da revista homónima. Sobre un fondo azul débuxase unha estrela e, fitándonos sen pestanexar, un infante asexuado sen pelo e sen orellas cun trazo negro na boca, simbolizando o fin da prensa escura.



VIEIROS: Revista do Padroado da Cultura Galega do México
.- n. 1 (vran - 1959) . - México D. F. . - il. ; 33 cm.
AHPOu, Biblioteca C. 12/16.

Deseño e contidos

Se algo caracteriza a *Vieiros* é a indubidable **beleza e novidade formal** que presenta ao longo das súas páxinas -entre 60 e 80 segundo o número-, froito dun coidado traballo. Tras recoller os nomes dos principais *petrucios* -que colaboran economicamente coa revista- e escritores dese número, ábrese un **alicerce**, un espazo no que a modo de editorial se introducen os propósitos da publicación. Dende o primeiro número establécese todo o que ten cabida en *Vieiros*: “calquera idea literaria artística, filosófica, sempre que fose antifascista e non se apoiase na ditadura”.

O poder das verbas e a **mensaxe galeguista** foron os motores do proxecto, aínda que non foi menor a importancia do aspecto plástico, que soubo estar á altura. Non atopamos un oco baleiro, posto que os coloridos debuxos acompañan os textos dunha forma harmoniosa e *quasi* perfecta. Mesmo as marxes son un espazo idóneo para a **ornamentación** e colocación de viñetas que ilustran as verbas. Arturo Souto marcou as pautas a seguir para os artistas galegos máis recoñecidos das décadas de 1950 e 1960, como **Xaime Quessada** ou **Tomás Bóveda**, por citar algúns dos que máis pegada deixaron na revista tras o pasamento de Souto. Así mesmo, no primeiro número recóllese un debuxo inédito asinado en 1928 por Castelao.

Outro aspecto insólito de *Vieiros* é o feito de que non existan anuncios de ningún tipo entre as súas páxinas, algo que indica a importante achega e esforzo dos propios *petrucios*, que foron dalgún xeito o salvavidas da revista, e explica a **liberdade creativa** no seu deseño.


A selecta nómina de colaboradores

O proxecto adquire máis relevancia se cabe por tratarse dunha **revista monolingüe en galego**, coa excepción dalgúns textos en portugués. Anos máis tarde sería a propia dirección quen recoñeza en *Cumio*, un epílogo da revista, que algunhas colaboracións foran enviadas en castelán e, á súa chegada, foron traducidas ao galego.

Basta con dicir que o seguinte número da publicación xa estaba feito cando se publicou o primeiro para comprender a dimensión. *Vieiros* logrou irmandar practicamente todas as **plumas de primeira liña** do momento, reunindo artigos e poemas de escritores da Galicia de aquí e de acolá. Son innumerables os escritores que colaboran na revista baixo o proxecto de restitución cultural de Galicia, conseguindo sortear as diferenzas ideolóxicas. Aos exiliados en México e noutros países -como Cuba dende onde escribe Xosé Neira Vilas ou a Francia de Ramón Chao- únense os intelectuais que sobreviviron ao desastre bélico na terra. A editorial *Galaxia* foi a rotonda pola que entrou *Vieiros* a Galicia, dadas as boas relacións entre Delgado Gurriarán, codirector dos dous primeiros números da revista, e de **Francisco Fernández del Riego**, un dos pais de *Galaxia*, fundada en 1950 en Santiago de Compostela. Aínda que participaron todos os integrantes da dita editorial, cómpre destacar nomes do talle de **Ramón Cabanillas** e **Ramón Otero Pedrayo**. De todos os xeitos, nas últi-

mas entregas, os vellos galeguistas do grupo *Galaxia* serán desprazados pola nova xeración de escritores de espírito contestatario pertencentes ao grupo Brais Pinto, de onde salientamos as colaboracións de Xosé Luís **Méndez Ferrín**, **Raimundo Patiño** ou **Ben-Cho-Sey**.

Nas follas de *Vieiros* tamén houbo cabida para as mulleres. **Xohana Torres**, **Matilde Lloria** ou as irmás **Pura e Dora Vázquez** engrosan a lista de autoras, lista que aínda tería sido máis ampla se finalmente se publicase un derradeiro *Vieiros* en 1975, que xa estaba proxectado por Luís Soto.



Fragmento do poema *Galicia ten un arcanxo* remitido por Pura Vázquez a Luís Soto en 1962 para a súa publicación en *Vieiros*. AHPOu, Luís Soto Fernández, C.14624/19

A pegada de Vieiros

Durante os case dez anos de vida da revista do Padroado, a acollida superou todo tipo de cálculos. Non obstante, o éxito de *Vieiros* topou con algún obstáculo como o **secuestro dos exemplares** do terceiro número polo Goberno franquista á súa chegada a Madrid. Así mesmo, o ministro de Información e Turismo nese momento, **Manuel Fraga**, acusou á publicación de separatista e antipatriótica.

En 1989, coincidindo coa morte de Luís Soto, *Edicións A Nosa Terra* recompilará os catro números da publicación para sacar unha coidada **edición facsímile**, con introdución de Margarita Ledo Andión. Sen dúbida algunha, *Vieiros* rematou por converterse nun **fito na cultura galega** e poucas publicacións poden gabarse no día de hoxe dun elenco tan selecto de intelectuais e colaboradores de tantas etapas, procedencias e tendencias. E todo grazas ao labor dos exiliados galegos que non deixaron apagar a chama da nosa identidade dende o golfo de México.

Texto: Alba Méndez Brea. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491